

{ DE TODO UN POUCO }



XOSÉ NEIRA VILAS

Fina, a académica dos nenos

[Enviar por correo](#)

FINA Casalderrey ingresou na Real Academia Galega como membro numerario. Titulou o seu discurso *Dende os refachos do corazón ata onde habita o imaxinario*. Boa noticia esta incorporación, sobre todo para a literatura infantil e xuvenil á que ela leva dedicado anos e esforzos que se traducen en títulos como *Bicos de prata*, *Chamizo*, *Fillas das ondas* e moitos máis. Teño presente dela *¡Asústate, Merche!* que rexistra máis de 30 préstamos na biblioteca da nosa Fundación.

Vense dedicando vocacionalmente ó ensino dende os 19 anos. E os temas da súa rica obra literaria apóianse nas experiencias vividas con nenos e adolescentes. Ten unha prosa musical, fluída, poética. O seu galego venlle da aldea pontevedresa de Xeve, onde naceu. Ademais, Fina é conferenciante, xornalista, etnógrafa... Ah, e sabe tamén da arte da cociña (escribiu sobre a empanada, a repostería, as festas gastronómicas).

Cos seus alumnos leva organizado representacións teatrais e investigacións etnográficas. Moitos deles estaban no teatro Principal de Pontevedra o día que ela leu o seu discurso académico. Asistín ó nacemento da nosa literatura infantil (teño presente a carta que lle mandei a del Riego dende A Habana, en 1964, propoñendo que se publicasen libros para nenos), e alégrame certamente que unha amante activa da literatura para esas idades ingrese na RAG. Benvinda de parte das nenas e dos nenos. Como dixo no seu discurso, "houbo un tempo en que nin soñabamos estar onde estamos". A entrada de Fina Casalderrey na Academia eleva aínda máis o prestixio da nosa literatura.

Escritor